

- **10h. Encontro da Sectorial Cultura-TOPMA** de Espazocoop e **visita da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais**. Xuntanza de intercooperación entre as cooperativas socias e outras entidades de economía social vinculadas ao sector. **PROGRAMACIÓN NO STAND**

#### venres

- **13h. O xogo do emprendemento**, a cargo da cooperativa Buscalume. Demostración do primeiro xogo de cartas co que fomentar as nosas capacidades de emprendemento. **PROGRAMACIÓN NO STAND**
- **17h. Quen quere ser mago?** Obradoiro de maxia para aprender en familia. A cooperativa Magia en la Manga ensínanos a ser mago por un día. Da man de auténticos magos profesionais, os participantes descubrirán algúns dos segredos mellor gardados dos ilusionistas para poder eles mesmos sorprender os seus amigos e familiares. **PROGRAMACIÓN NO ESCENARIO A**
- **18h. Raíces, da Utopía en diante:** proceso creativo da curta colectiva colaborativa. Presentación a cargo das autoras, as cooperativas Illa Bufarda e Feitoría Verde, xunto coa asociación veciñal de mulleres do rural de Ames, O Reguiño. **PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS PRINCIPAIS**
- **19h. Construimos un hotel para insectos, refuxio da fauna aliada.** Demostración a cargo de Rosendo Luís Estévez Parada, autor de «Pragas e doenzas», publicado por Catro Ventos Editora. A un tempo que autor reflexiona ao redor da súa obra e da importancia da biodiversidade, o público asistente poderá aprender a elaborar unha ferramenta natural para o control de pragas e a mellora da polinización. **PROGRAMACIÓN NO ESCENARIO A**
- **19h. Alicia para as minchiñas:** un espectáculo con poesía, xogo e música a cargo da compañía A Feroz. Nel, Alicia, o Coello Branco, o Sombreiroiro Tolo, etc. saen das páxinas do libro para pasar a tarde coas minchiñas e tomar té con contos, na proposta teatral que a cooperativa preparou para crianzas a partir de 3 anos. **PROGRAMACIÓN NO ESCENARIO INFANTIL.**

#### sábado

- **12h. Patio de Rosmonas**, a cargo da cooperativa A Morada. Os patios de veciñas representan a maneira de facer da Morada: xerar encontros onde as vivencias individuais transmutan en acción colectiva. A nosa proposta é levar ao Culturgal un pequeno Patio de rosmonas para experimentalo xuntas: un momento facilitado para falar en alto de determinadas situacións da vida diaria que nos fan rosmar nun momento dado, que nos acenden, que nos indignan ou confunden, pero que non temos con quen desafoгалas en alto. Un espazo onde non sentirnos xulgadas e onde a risa será ferramenta poderosa. **PROGRAMACIÓN NO STAND**

- **12h. A Fantochoteca:** un proxecto da compañía Fantoques Baj, distribuído pola cooperativa Urdime. A actividade, de 2h de duración, inclúe unha primeira hora na que o público poderá escoller entre participar nun espazo habilitado como biblioteca (con obras de Inacio Vilariño editadas por Baía, todas elas textos de teatro de monicreques) ou participar nun obradoiro de monicreques a cargo do propio Inacio. Na segunda hora interpretarase a peza de teatro de monicreques á que fai referencia a proposta. **PROGRAMACIÓN NO ESCENARIO INFANTIL.**
- **13h. Mergullando sen nos mollar,** unha ollada inmersiva ao patrimonio somerxido. A cooperativa 13 GRADOS lévanos a percorrer o mundo submarino galego a través de imaxes 360º filmadas por elas mesmas. Un xeito novidoso e accesible para achegarse a vida mariña empregando lentes de realidade virtual. **PROGRAMACIÓN NO ESCENARIO A**
- **17h. Quen quere ser mago?** Obradoiro de maxia para aprender en familia. A cooperativa Magia en la Manga ensínanos a ser mago por un día. Da man de auténticos magos profesionais, os participantes descubrirán algúns dos segredos mellor gardados dos ilusionistas para poder eles mesmos sorprender os seus amigos e familiares. **PROGRAMACIÓN NO ESCENARIO A**
- **18h. Mitolóxicas online,** presentación da nova tenda da cooperativa Miudiño. Mitolóxicas nace como punto de encontro. É a primeira tenda en liña exclusiva de Mitoloxia Galega na que se atopan produtos artesanais e editoriais, propios e alleos. Un sitio integrador de interesadas na posta en valor e divulgación dos mitos e espazos sagrados da nosa terra. **PROGRAMACIÓN NO STAND**
- **19h. Petiscos de maxia,** a cargo da cooperativa Magia en la Manga. Tres magos diferentes, cada un co seu estilo, xeito de facer e especialidades propias convidan ao público a presenciar unha selección de trucos que sorprenderán por igual a crianzas e adultas. A súa maxia visual, participativa e sorprendente logrará que quenes se acheguen a estes petiscos queden con ganas de converterse en magos e magas. **PROGRAMACIÓN NO STAND**

## domingo

- **12h. O trubinco,** a cargo da cooperativa Miudiño. Coñeces os Trubincos? Namoreiras, Mitolóxicas e AbOríxine alíanse nunha insospeitada colaboración para a difusión deste ser máxico do Nadal Galego a través de deliciosas galletas de obrador acompañadas de fermosos adobíos para a árbore de Nadal. Anísmaste á degustación do coñecemento? **PROGRAMACIÓN NO STAND**
- **17h. A xanela dos contos,** presentación do butai para kamishibai realizado pola cooperativa Miudiño. Falarase desta tradición xaponesa de teatro de papel e veremos como de bonito pode ser presentar contos a través dunha ventá aberta a calquera historia. Contarase coa colaboración de Antela Editorial e Dornavela Edicións. **PROGRAMACIÓN NO STAND**

- **18h. *Quen quere ser mago?*** Obradoiro de maxia para aprender en familia. A cooperativa Magia en la Manga ensínanos a ser mago por un día. Da man de auténticos magos profesionais, os participantes descubrirán algúns dos segredos mellor gardados dos ilusionistas para poder eles mesmos sorprender os seus amigos e familiares. **PROGRAMACIÓN NO ESCENARIO A**